



PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO AO REAGRUPAMENTO FAMILIAR

Información para Servizos sociais

O programa de acompañamento ao reagrupamento familiar é un **servizo municipal especializado en traballar con familias estranxeiras que iniciaron ou queren iniciar un proceso de reagrupamento familiar**. O obxectivo xeral é favorecer a inserción social e a autonomía das familias estranxeiras reagrupadas na cidade da Coruña.

▽ A QUEN VAI DIRIXIDO?

O programa vai especialmente dirixido a **menores estranxeiros/as** que foron reagrupados/as por seus **pais e/o nais**. E a **mulleres estranxeiras** reagrupadas polos seus maridos.

▽ EN QUE CONSISTE?

Desde o programa ofrécese **orientación e acompañamento** aos e ás menores para favorecer a súa inserción socioeducativa e elaborar o dolo migratorio. Aos seus pais e nais para fortalecer as habilidades parentais e a relación paternofilial, que pode verse afectada polos anos de separación. E ás mulleres reagrupadas polos seus maridos para favorecer a súa autonomía e a súa integración sociocomunitaria. A **intervención pode ser individual e/ou en grupo**.

▽ ONDE SE DESENVOLVE?

O programa desenvólvese na **UAMI** (Unidade de Atención a Migrantes do Concello da Coruña), situada no Centro Cívico de Mallos (Avda. de Arteixo, 147). A responsable do programa é a técnica de Igualdade, Lidia Rama Regueiro, extensión 35503.



▽ A QUEN SE PODE DERIVAR?

Desde os servizos sociais pódese facer a derivación daquelas familias que encaixen no perfil e que desexen de forma voluntaria participar no programa.

O perfil das persoas usuarias é:

- **Menores reagrupados/as** que presentan dificultades de adaptación ao contexto socioeducativo derivadas do proceso migratorio.
- **Pais e/o nais reagrupantes** que teñen dificultades na relación cos seus fillos/as e/o que descoñecen o funcionamento dos recursos socioeducativos da cidade.
- **Mulleres estranxeiras reagrupadas** polos seus maridos que teñan dificultades para desenvolver unha vida autónoma e integrarse na comunidade e/o proveñan de países cunha gran desigualdade de xénero.

△ COMO SE DERIVAN OS CASOS?

O/a profesional informa as familias sobre a existencia do programa. Se a familia mostra vontade de participar no programa, o/a profesional envía o protocolo de derivación correspondente (achégase a continuación) ao seguinte enderezo de correo electrónico: l.rama@coruna.es

Unha vez recibido o protocolo, a técnica responsable do programa contactará coa familia para marcar unha primeira entrevista e confirmaralle á persoa profesional derivante a inclusión da familia no programa.



PROTOCOLO DE DERIVACIÓN DE MENORES PARA SERVIZOS SOCIAIS

DATOS DO CENTRO DERIVANTE

DATA		CENTRO	
PROFESIONAL DE REFERENCIA			
INTERVENCIÓN DESDE O CENTRO DERIVANTE:			

DATOS DO/A MENOR

NOME			
APELIDOS			
IDADE			
LUGAR DE PROCEDENCIA			

DATOS FAMILIARES

PAI		TELF.:	
NIE			
NAI		TELF.:	
NIE			

DESCRIPCIÓN DO MOTIVO DA DERIVACIÓN AO PROGRAMA

--



PROTOCOLO DE DERIVACIÓN DE MULLERES PARA SERVIZOS SOCIAIS

DATOS DO CENTRO DERIVANTE

DATA		CENTRO	
PROFESIONAL DE REFERENCIA			
INTERVENCIÓN DESDE O CENTRO DERIVANTE:			

DATOS DA MULLER

NOME			
APELIDOS			
TELÉFONO			
LUGAR DE PROCEDENCIA			

DATOS DA PARELLA

NOME			
APELIDOS			
LUGAR DE PROCEDENCIA			

DESCRIBIÓN DO MOTIVO DA DERIVACIÓN AO PROGRAMA

--